

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Contratos administrativos

*LICITACIÓN 1789-449 DA CONCESIÓN DE SERVIZO DOS APARCADOIROS SITUADOS
NA RÚA JENARO DE LA FUENTE E AVENIDA DE CASTELAO*

CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DA CONCESIÓN DE SERVIZO DOS APARCADOIROS SITUADOS NA RÚA JENARO DE LA FUENTE E AVENIDA DE CASTELAO

1. **Entidade que adxudica:** organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Servizo de Transportes. Nº expediente: 1.789-449.
2. **Obxecto do contrato:** a xestión, explotación e mantemento dos aparcadoiros soterrados públicos situados na avenida de Castelao e na rúa Jenaro de la Fuente, en réxime de concesión de servizo. Lugar de execución: Concello de Vigo. Prazo da concesión: 25 anos. Prórroga: non.
3. **Tramitación e procedemento:** Tramitación: Ordinaria. Procedemento: Aberto.
4. **Valor estimado:** 14.282.658,11 .- euros. Cano anual: 120.000 euros.
5. **Garantías esixidas.** a) Provisional: non se esixe. b) Definitiva: si (5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE). c) Complementaria: non se esixe.
6. **Obtención da documentación e información:** www.vigo.org (perfil do contratante), teléfono (986) 810148. Fax: (986) 226206. Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.
7. **Requisitos específicos do contratista:** a) **Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira:** Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos tres exercicios teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior a 3.000.000 de euros. b) **Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional:** Documentación que acredite que o licitador explotou nos últimos tres anos un ou varios aparcadoiros que no seu conxunto acaden un mínimo de 400 prazas. Deberá presentarse unha relación dos aparcadoiros explotados nos últimos cinco anos que inclúa o número de prazas de cada un. Se os aparcadoiros explotados fosen públicos en réxime de xestión indirecta, acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente que acrediten a boa execución do contrato; se os aparcadoiros fosen privados, mediante un certificado ou unha declaración expedido polo empresario.



Xoves, 8 de marzo de 2018

Núm. 48

8. **Presentación de Ofertas:** Prazo: o prazo rematará o día 18 de abril de 2018. Documentación: a esixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas. Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei n 1 36202 VIGO, ata as 13,30 h. do último día de prazo. Prazo da obriga de manter a oferta: dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.
9. **Apertura Ofertas técnica económica:** entidade, domicilio e localidade: vexase punto 6 do anuncio. Data e hora: se anunciará no perfil do contratante do Concello de Vigo.
10. **Páxina web para obtención de información:** www.vigo.org

Vigo, a 6 de marzo de 2018.

O Concelleiro delegado de Contratación

P. D. (Decreto 19.6.2015 e Acordo 19.6.2015)

David Regades Fernández

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación:FKIGI6DC4RL2L0LX

